

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 4 DE ABRIL DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Borobio Sanchiz como director xeral de Sostibilidade e Paisaxe.
- Decreto polo que se nomea director do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio a Manuel Borobio Sanchiz.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo para formar parte no Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro e designar o representante que pasará a formar parte da comisión xestora.
- Acordo para formar parte no Consorcio de augas de Valdeorras e designar o representante que pasará a formar parte da comisión xestora.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela para o fomento do transporte limpo no eido urbano no ámbito da área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, financiado con fondos FEDER no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013. (600.000 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o apoio ao crecemento empresarial mediante o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, por un importe total de nove millóns catrocentos cincuenta mil euros (9.450.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para investimentos innovadores para o crecemento empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, para o asesoramento científico-técnico na adaptación, intervención e seguimento audiolóxico-protésico de calidade no programa galego de detección da xordeira en período neonatal, por un importe de cento trinta e cinco mil euros (135.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras, por un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre o Plan de Recuperación das Fragas do Eume.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o proxecto de saúde laboral.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Informe sobre o protocolo de seguimento e coordinación da situación de seca.

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MANUEL BOROBIO COMO DIRECTOR XERAL DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO**

- ***Desde maio de 2009 ocupouse de xestionar a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, case tres anos nos cal acadou a aprobación do Plan de Ordenación do Litoral e as Directrices de ordenación do territorio***
- ***A partir do 7 abril o Instituto de Estudos do Territorio funcionará con total operatividade para reforzar o labor de asesoramento con concellos así como dar unha resposta áxil e eficaz ás necesidades dos cidadáns e dos equipos técnicos en relación ao territorio e á paisaxe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se nomea director do Instituto de Estudos do Territorio a Manuel Borobio Sanchiz, ata o momento director xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Nesta mesma reunión tamén procedeu ao cesamento como director xeral, cargo que ocupou desde maio de 2009.

Manuel Borobio é arquitecto urbanista pola Universidade de Navarra, especialista en asentamentos humanos pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid (ETSAM), e técnico urbanista polo Instituto Nacional da Administración Pública. Tamén é profesor asociado de Urbanismo da Universidade da Coruña. Nos últimos sete anos traballou no campo da xestión da información, na súa análise como punto de partida para o deseño e a planificación de calquera actuación sobre o territorio e a paisaxe.

De feito, como responsable da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe Galicia acadou dous dos grandes fitos en relación co territorio na Comunidade galega, como foi a redacción e aprobación do Plan de Ordenación do Litoral e das Directrices de ordenación do territorio.

A Xunta tomou a decisión de crear o Instituto de Estudos do Territorio para reforzar o labor de asesoramento con concellos, así como dar unha resposta áxil e eficaz ás necesidades dos cidadáns, e dos equipos técnicos en relación ao territorio e á paisaxe a través da utilización eficiente dos recursos públicos

Coa constitución deste ente non se incrementará o gasto de persoal e mellorarase a eficiencia e a organización administrativa, evitando duplicidades innecesarias.

Cómpre recordar que o Instituto integrará:

- A recente extinguida Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe
- A Subdirección de Sistemas de Información Territorial de Galicia (é dicir, o SITGA, ata o de agora incluído na Sociedade de Desenvolvemento Comarcal)
- A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.

Así mesmo, no seo do Instituto crearase o Observatorio Galego da Paisaxe.

Con estas medias, a Xunta segue a dar exemplo de austeridade, mellora e optimización da capacidade de xestión da administración, aforro na obtención de información territorial; ao mesmo tempo que transparencia na posta á disposición da cidadanía información territorial.

## **A XUNTA E OS CONCELLOS DE MOS, O PORRIÑO, SALCEDA DE CASELAS E TUI POTENCIAN A CONSTITUCIÓN DUN CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO RÍO LOURO**

- ***O consorcio xestionará o ciclo completo da auga dos 58.918 habitantes dos catro concellos pontevedreses***
- ***O novo ente irá máis alá da idea inicial de xestión da EDAR de Guillarei e encargarse de todo o saneamento e abastecemento, inspección, explotación de todas as instalacións de potabilización, depuración e bombeo do ámbito territorial***
- ***A sociedade configúrase como local, aínda que con participación autonómica, polo que a Xunta permanecerá para garantir a sustentabilidade institucional e económica nos primeiros anos, ata o seu autofinanciamento***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que o Goberno galego e os concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui impulsan a constitución dun consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.

No ano 2009 o Goberno da Xunta de Galicia puxo en marcha a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Guillarei e potenciou a creación dun consorcio que se encargará da xestión do sistema de saneamento do Louro, o cal inclúe a citada EDAR.

O novo ente irá moito máis alá da idea inicial de xestión da EDAR de Guillarei e encargarse de todo o saneamento e abastecemento, inspección, explotación de todas as instalacións de potabilización, depuración e bombeo do ámbito territorial.

O novo consorcio xestionará o ciclo completo da auga dos 58.918 habitantes dos 4 concellos pontevedreses. A prestación deste servizo integral implica a garantía ambiental para o río Louro, non só coa xestión do saneamento, senón cun sistema de inspección máis rigoroso das verteduras das industrias; o servizo da depuración da EDAR de Guillarei e a sustentabilidade económica, financeira e institucional na xestión.

O consorcio configúrase como local, aínda que con participación autonómica, polo que a Xunta permanecerá para garantir a sustentabilidade institucional e económica nos primeiros anos, ata o seu autofinanciamento.

A Xunta de Galicia aposta por compartir servizos entre concellos con fórmulas de colaboración coma a citada, acadando así unha maior eficiencia na prestación dos servizos municipais, buscando no seo da Administración local as fórmulas de colaboración que sexan máis convenientes para ofrecer os mellores servizos aos cidadáns a un custo menor e con maior eficiencia e eficacia.

Cabe citar que o consorcio será o que xestione directamente os ingresos polos servizos da auga, en vez de recibir transferencias dos concellos, o que evitará problemas no futuro por débedas ou repartición de custos.

### **Trámites**

Desde o Goberno galego explícase que os trámites a seguir para a constitución do consorcio son os seguintes:

- Constitución da Comisión Xestora, encargada de tramitar o procedemento.
- Elaboración e aprobación inicial dos estatutos pola Comisión Xestora.
- Aprobación provisional dos estatutos: Asemblea de todos os concelleiros dos concellos afectados.
- Informe das deputacións provinciais interesadas.
- Información pública.
- Informe da Consellería de Presidencia.
- Informes previos ao Consello da Xunta: Asesoría Xurídica Xeral, Consellería de Presidencia e Consellería de Facenda.
- Aprobación polo Consello da Xunta: aproba os estatutos e a constitución do Consorcio mediante Decreto.
- Publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).
- Elección dos órganos xestores do Consorcio e entrada en funcionamento.

## **XUNTA, DEPUTACIÓN DE OURENSE E CONCELLOS DA COMARCA DE VALDEORRAS IMPULSAN A CREACIÓN DUN CONSORCIO DE AUGAS PARA O SERVIZO DE DEPURACION DESTA ZONA**

- *As previsións da Xunta son rematar coa tramitación desta entidade este mesmo ano*
- *O futuro Consorcio xestionará un servizo de depuración de augas residuais dos 27.999 habitantes dos concello de Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, A Rúa, Petín, Larouco, O Bolo, A Veiga, Carballeda de Valdeorras e O Barco de Valdeorras*
- *Cunha mellor depuración aumenta a garantía ambiental dos ríos da comarca, o que beneficia os ecosistemas e a todos os usos da auga, como o de abastecemento*

A Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e os concellos da comarca de Valdeorras traballan en coordinación para constituír un consorcio para a ordenación e xestión dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais para a totalidade dos concellos que conforman esta comarca.

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá acordou formar parte do Consorcio de Augas de Valdeorras e designar o representante que pasará a formar parte da comisión xestora, que será o director de Augas de Galicia, Francisco Menéndez. As previsións da Xunta son que a tramitación se remate dentro deste mesmo ano, xa que a partir de hoxe os pasos a seguir son elaboración e aprobación inicial dos estatutos, informes dos organismos participantes, trámite de información pública e aprobación polo Consello da Xunta.

Esta experiencia servirá de punto de partida para avaliar os custos reais de prestación supramunicipal do servizo de depuración, incluíndo a explotación das pequenas depuradoras e foxas sépticas, ao tempo que se analiza a posibilidade de estendelo a outros puntos de Galicia. A prestación do servizo sufragarase coa taxa autonómica de depuración, denominada coeficiente de vertedura, tal e como se establece na Lei de augas de Galicia.

O novo consorcio xestionará o servizo de depuración de augas residuais dos 27.999 habitantes dos 9 concellos que conforman esta comarca. A prestación deste servizo integral implica:

- unha mellor garantía ambiental para os ríos da comarca, o que beneficia os ecosistemas e a todos os usos da auga, como o de abastecemento.
- a asunción da responsabilidade do mantemento das instalacións de depuración, e os eu seguimento ante a Confederación Hidrográfica do Miño - Sil.
- sustentabilidade económica, financeira e institucional na xestión.

### **Modelo recoñecido por lei**

A Lei 9/2010, de augas de Galicia, establece as bases para un novo modelo de xestión da auga en Galicia, e recolle as ferramentas necesarias para o cumprimento dos



obxectivos da Xunta de Galicia en materia de augas: mellorar a calidade das augas e garantir o abastecemento en cantidade e calidade.

Unha das medidas máis salientables é a declaración do servizo de depuración como de interese da Comunidade Autónoma, e a previsión de que as entidades locais poidan solicitar da Xunta de Galicia a asunción por parte desta da explotación das estacións depuradoras. No regulamento de desenvolvemento que se está a tramitar xa se concreta esta disposición, cun procedemento para as depuradoras maiores de 2000 habitantes, que é por onde se comezará a traballar, pero abre a porta para a asunción da pequena depuración, a través de fórmulas como as que se articulan con este consorcio.

A Xunta de Galicia está a apostar porque a cooperación intermunicipal se materialice a través de fórmulas sinxelas, que fagan posible a cooperación entre varios municipios cun simple convenio de colaboración, coma é o caso deste novo Consorcio de Augas, que xestionará o servizo de depuración de augas residuais dos nove concellos que conforman a comarca de Valdeorras.

En definitiva, esta iniciativa tamén é acorde coa reestruturación da administración local de Galicia pola que aposta o actual Goberno, no senso de compartir custos e responsabilidades na prestación de servizos. Deste xeito, buscase cumprir co obxectivo de acadar unha maior eficacia, a racionalización e xestión compartida e coidado do ambiente, garantindo un axeitado funcionamento das depuradoras existentes.

**A XUNTA DESTINA 600.000 EUROS Á ADQUISICIÓN DE 3 NOVOS AUTOBUSES QUE RENOVARÁN A FROTA DE SANTIAGO E AXUDARÁN A REDUCIR ATA UN 80% AS EMISIÓNS DE PARTICULAS Á ATMOSFERA**

- *Substituirán a autobuses de máis de 12 anos, o que permitirá reducir un 30% a emisión de monóxido de carbono (CO) e un 60% as dos óxidos de nitróxeno (NOx)*
- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago asinarán un convenio de colaboración*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe decidiu aprobar o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago para o fomento do transporte limpo no eido urbano.

A actuación consiste en subvencionar a adquisición de tres novos vehículos que renoven a frota actual de autobuses urbanos da Cidade de Santiago de Compostela. Así, a Xunta investirá 600.000 euros procedentes de fondos comunitarios (Feder), xa que esta actuación está comprendida dentro do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013.

Esta colaboración, que se encadra no interese da Xunta en promover o transporte limpo no eido urbano, permitirá substituír autobuses de máis de 12 anos por outros máis respectuosos co ambiente. En consecuencia, reducirase un 30% a emisión de gases de CO (monóxido de carbono), un 60% menos as de óxidos de nitróxeno (NO<sub>x</sub>) e ata un 80% menos de emisións de partículas á atmosfera. O centro urbano de Santiago é unha zona cunha grande intensidade de tráfico, moi próxima ao centro monumental da cidade, polo que esta adquisición contribuirá á dinamización do territorio nun contorno limpo.

Cómpre lembrar que en marzo de 2001 a Comisión Europea lanzou o programa *Aire puro para Europa* (CAFE, Clean Air for Europe). Como resultado deste programa adoptouse unha estratexia sobre a contaminación atmosférica, plasmada nunha comunicación do 21 de setembro de 2005. Unha das conclusións da dita estratexia é que segue a ser necesario reducir as emisións no sector do transporte para poder acadar os obxectivos da Unión Europea en materia de calidade do aire. Neste contexto de redución das emisións dos vehículos, os estándares europeos Euro V e Euro VI (Regulamento CE595/2009) son medidas encamiñadas a reducir as emisións de partículas sólidas e de precursores do ozono, como son os óxidos de nitróxeno e os hidrocarburos.

Esta liña de actuación é acorde co compromiso do Goberno galego de promover unha política de mobilidade e de transportes para o conxunto de Galicia, na cal ademais de garantir a mobilidade das persoas, se garante tamén, a sustentabilidade e o respecto ao ambiente, a seguridade, a eficiencia e a comodidade das persoas.

## **AS LIÑAS DE APOIO Á INNOVACIÓN EMPRESARIAL DE ECONOMÍA E INDUSTRIA CONTAN CUNHA DOTACIÓN DE 12,5 MILLÓNS PARA FAVORECER O CRECEMENTO EMPRESARIAL E OS INVESTIMENTOS INNOVADORES**

- ***A convocatoria de 2012 supón un incremento de 1,5 millóns de euros con respecto á do ano pasado***
- ***Estas axudas enmárcanse no Plan i2C e coa convocatoria de 2012 suman 32 millóns de euros postos ao dispor da innovación empresarial, na lexislatura***
- ***O Programa de Apoio ao Crecemento céntrase nos proxectos empresariais innovadores tendo especialmente en conta as pemes, ademais das plataformas tecnolóxicas galegas***
- ***A liña de crecemento apoia a captación de investimentos coa mellora dos proxectos que se presentan a convocatorias nacionais e internacionais, con axudas ás pemes que poderán acadar o 70%***
- ***A convocatoria de investimentos innovadores apoiará a posta no mercado de novos produtos e servizos, con axudas de ata o 50% para pequenas empresas***
- ***Por primeira vez a tramitación de todas estas axudas será integramente dixital e tamén se terá en conta os proxectos situados nas áreas de influencia dos plans impulsa Lugo e Ourense***

O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de axudas á innovación empresarial por 12,5 millóns de euros, ao abeiro de dúas liñas de axudas destinadas a fomentar a investigación e a innovación empresarial e mais a incentivar os investimentos innovadores, especialmente entre as pequenas e medianas empresas, o que supón un incremento orzamentario superior aos 1,5 millóns de euros na convocatoria de 2012 con respecto a de 2011.

Estas axudas enmárcanse no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C) 2011-2015, nos eixes estratéxicos de innovación como motor de crecemento empresarial e de valorización do coñecemento, nunha convocatoria que suma máis de 32 millóns de euros postos ao dispor da innovación empresarial ao abeiro destas liñas, na lexislatura.

Por primeira vez, estas axudas terán unha tramitación integramente dixital, o que quere dicir que todas as entregas de documentación, desde a solicitude ata a xustificación, se xestionarán vía internet, o que supón un paso adiante na implantación da administración electrónica. Ademais, nestas convocatorias, que se abrirán nos próximos días a través da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), valóranse especialmente os proxectos que se desenvolvan nas áreas de influencia dos plans impulsa Lugo e Ourense.

### **Liña de apoio ao crecemento empresarial**

Na liña destinada ao desenvolvemento do Programa de Apoio ao Crecemento Empresarial mediante o fomento da investigación e a innovación empresarial (ACE) prevense subvencións a empresas para proxectos individuais e colaborativos de innovación tecnolóxica en materia de proceso ou produto, loxística e xestión e para a preparación de propostas de proxectos a presentar en convocatorias de I+D+i estatais e internacionais. Ademais, o programa recolle tamén axudas destinadas aos centros tecnolóxicos e clúster empresariais para o desenvolvemento das plataformas tecnolóxicas galegas.

Estes proxectos deberán representar unha novidade ou mellora substancial con respecto ao xa existente no seu ámbito. Nos proxectos presentados por pemes as axudas poderán acadar o 35% do custo subvencionable para pequenas empresas e o 25% para empresas medianas. Nos presentados por grandes empresas poderán acadar o 15% do custo subvencionable.

As axudas cubrirán o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial, individuais ou cooperativos, de carácter non só tecnolóxico sobre procesos ou produtos, senón tamén para a implantación de técnicas de xestión da produción, de márketing ou loxísticas, desde unha perspectiva de innovación aberta que combina o coñecemento interno da empresa co externo, o que provén doutros centros xeradores de innovación.

### **Captación de investimentos**

Nesta convocatoria do ACE está prevista tamén a concesión de axudas ás empresas para a preparación de novos proxectos para presentar a convocatorias de axudas estatais e internacionais no marco das medidas do Plan i2C para impulsar a innovación aberta e o crecemento económico.

As subvencións cubrirán a presentación de propostas de proxectos de I+D a programas do Plan Nacional, tanto individuais como en cooperación, así como de solicitudes a programas internacionais en cooperación, en particular o VII Programa Cadro, o Programa CIP e os proxectos bilaterais e multilaterais do Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), que deberán ser en todos os casos desenvolvidos principalmente no ámbito territorial de Galicia. Para as pemes estas axudas poderán acadar o 70% do custo subvencionable e para as grandes empresas o 60%.

Pola súa banda, as subvencións destinadas ao funcionamento das plataformas tecnolóxicas galegas teñen como obxectivo promover o desenvolvemento de proxectos de cooperación que supoñan a participación en programas estatais e internacionais de I+D+i. A concesión das axudas estará suxeita a unha valoración que primará ás propostas que amosen a implicación en dinámicas de innovación aberta, nos proxectos colaborativos promovidos e nas taxas de éxito e retornos económicos acadados grazas a eles; no labor de transferencia de resultados de investigación á empresa, e na internacionalización, entre outros.

### **Liña de investimentos innovadores**

As axudas autorizadas hoxe pola Xunta tamén están orientadas de cara á mellora competitiva das empresas, especialmente das pemes, mediante o incremento da súa capacidade tecnolóxica e innovadora. Este é o obxectivo da segunda liña que se desenvolverá ao abeiro da convocatoria de Investimentos Innovadores para o Crecemento Empresarial (IICE).

Este programa está destinado a facilitar o financiamento de recursos materiais específicos por parte das empresas para desenvolver proxectos de innovación que poñan no mercado novos ou mellorados produtos e servizos. As pequenas empresas poderán beneficiarse de subvencións de ata o 50% e as medianas de ata o 40%, mentres que no caso das grandes a porcentaxe se restrinxe a un máximo do 30% sobre o total do custo xustificado.

Apoiarase a adquisición de maquinaria e de equipamento específico para os departamentos de I+D+i, como poden ser equipamentos de laboratorio, ademais dos acondicionamentos necesarios para a súa instalación e funcionamento. Tamén se poderán solicitar axudas para a transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, *know-how* ou coñecementos técnicos non patentados.

## **SANIDADE E A USC POÑEN EN MARCHA UN MECANISMO DE PRÉSTAMO DE PRÓTESES AUDITIVAS PARA O PROGRAMA DE DETECCIÓN DA XORDEIRA EN PERÍODO NEONATAL**

- ***Este programa ten por obxectivo mellorar a capacidade de comunicación dos nenos nados con hipoacusia para equiparalos aos normoíntes***
- ***Tamén contribuirá a que os pais dos nenos teñan un referente claro para o tratamento audiolóxico do seu fillo coa seguridade de estar facendo o mellor para o seu desenvolvemento cognitivo e a súa capacidade de comunicación e integración***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, informou hoxe aos membros do Consello da Xunta da sinatura dun convenio entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o asesoramento científico-técnico na adaptación, intervención e seguimento audiolóxico-protésico de calidade para o Programa Galego de Detección da Xordeira en período neonatal.

Este programa ten por obxectivo mellorar a capacidade de comunicación dos nenos nados con hipoacusia para equiparalos aos normoíntes. Desta forma, é fundamental, ademais de asegurar o acceso á proba de cribado ao 100% dos neonatos de Galicia e conseguir unha alta participación no programa, garantir tamén o acceso ao diagnóstico de confirmación de hipoacusia, asegurar o inicio do tratamento antes dos seis primeiros meses de idade nos nenos nos cales esta se confirma e garantir a calidade do tratamento de xeito que se consigan os efectos beneficiosos esperados coa detección precoz.

Así, mediante a sinatura deste convenio, ponse en marcha un mecanismo de préstamo das próteses auditivas que garante o acceso de todos os nenos con asistencia no Servizo Galego de Saúde á prótese máis adecuada, ademais de asegurar a súa mellor adaptación e seguimento dos progresos do neno.

Tamén contribuirá a que os pais dos nenos teñan un referente claro para o tratamento audiolóxico do seu fillo coa seguridade de estar facendo o mellor para o seu desenvolvemento cognitivo e a súa capacidade de comunicación e integración.

A xordeira é un problema de especial importancia durante a infancia, xa que o desenvolvemento intelectual e social do neonato está intimamente unido á información que chega ao seu cerebro a través do oído.

A ausencia do estímulo auditivo durante os primeiros anos de vida ten efectos adversos sobre o desenvolvemento do sistema nervioso central, dificulta a aprendizaxe da linguaxe, e impide a aparición da fala, provocando, polo tanto, alteracións posteriores no desenvolvemento social, emocional, cognitivo e académico da nena ou neno.



Por este motivo, o programa acollerá os nenos ata que cumpran os catro anos de idade, xa que o proceso de rehabilitación mediante prótese e tratamento logopédico pode aproveitar a plasticidade do cerebro para o desenvolvemento dos sistemas sensoriais no lactante permitindo unha integración social satisfactoria.

### **Diagnóstico precoz**

O método máis adecuado para a detección das deficiencias auditivas conxénitas é realizando unha proba de detección precoz nos neonatos antes de que abandonen o centro sanitario onde naceron. Por este motivo, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública ten implantado un programa de detección precoz en todos os hospitais da rede pública e nas maternidades privadas de Galicia co fin de poder iniciar de xeito precoz o tratamento adecuado dos nenos diagnosticados evitando as secuelas comunicativas, psicolóxicas e sociolóxicas da xordeira.

O programa de detección precoz acada unha participación de máis do 99% dos neonatos. Tras a realización da proba de cribado, aqueles nenos que non a superan satisfactoriamente (isto pode ser debido á presenza de hipoacusia ou a outros factores temporais como a inmadurez do sistema), son derivados ás Unidades de diagnóstico e tratamento dos hospitais da rede pública de Galicia coa fin de confirmar ou descartar a presenza de hipoacusia. Tras o diagnóstico definitivo, e antes dos seis meses de idade, os nenos deben iniciar un tratamento ben médico cirúrxico ou de rehabilitación protésica e foniátrica axeitada segundo cada caso individual, coa fin de conseguir o máximo beneficio da detección precoz.

## **A XUNTA APOIA O CONTROL LEITEIRO OFICIAL COMO ELEMENTO IMPRESCINDIBLE NA MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN DE GALICIA**

- *O departamento que dirixe Rosa Quintana destina 500.000 euros á realización de análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia a través dun convenio co LIGAL*
- *A mellora xenética é un elemento imprescindible na competitividade das explotacións leiteiras, por iso a Xunta a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, presentou en 2010 o Programa de mellora xenética para o quinquenio 2011-2015*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural e do Mar para asinar un convenio de colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia. O departamento que dirixe Rosa Quintana destina a esta acción 500.000 euros para financiar as análises das mostras correspondentes, como máximo, aos 10 primeiros meses de lactación. Este número de mostras é necesario para a correcta avaliación da produción do animal no parto en estudo.

A través deste convenio búscase regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), para a realización das análises das mostras de leite correspondentes ao control do rendemento leiteiro oficial para a avaliación xenética na especie bovina na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén ten como obxectivo regular a súa participación no Programa de mellora xenética de Frisón, no marco do Decreto 120/2011, do 16 de xuño de 2011.

O LIGAL organiza a loxística da recollida e análise das mostras de leite e pon á disposición das asociacións provinciais de control leiteiro os datos obtidos para o seu posterior tratamento. Segundo o Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial en Galicia, o LIGAL é o laboratorio oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia.

### **Importancia do control leiteiro**

O sector lácteo ocupa unha posición estratéxica no agro galego, de aí a importancia da intervención pública para manter unha actividade que representa unha alta porcentaxe da produción final agraria galega e do emprego no rural.

A mellora xenética é un elemento imprescindible na competitividade das explotacións leiteiras, por iso a Xunta, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, presentou en 2010 o Programa de mellora xenética para o quinquenio 2011-2015, que resulta da revisión e actualización do anterior, salvagardando os seus piares básicos e introducindo



os axustes necesarios para se adaptar á evolución tecnolóxica e á necesidade de outorgar un maior protagonismo aos gandeiros galegos.

## **MEDIO AMBIENTE PRESENTA NO CONSELLO DA XUNTA O PLAN DE RECUPERACIÓN DAS FRAGAS DO EUME CO FIN DE REXENERAR ESTE ESPAZO NATURAL TRAS O INCENDIO FORESTAL REXISTRADO**


- *Ningunha das masas arbóreas de maior valor ambiental viuse afectada severamente.*
- *O plan de recuperación prevé accións como o cartografado das áreas afectadas, valoración dos efectos do lume en cada zona ou comprobación do estado de conservación de especies ameazadas*
- *No que se refire ás accións contra a erosión, definiranse técnicas para protexer o solo con sementeira e prestarase especial atención ás beiras do Eume para evitar achegas de cinzas*
- *As especies ameazadas prexudicadas polo paso do lume foron: fentos asociados a bosques de valgada, salmántiga rabilonga ou caracol Elona Quimperana*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe que dá conta do Plan de recuperación das Fragas do Eume, un conxunto de actuacións que se impulsarán desde o Goberno galego co fin de rexenerar este espazo natural no cal se produciu un incendio forestal o sábado 31 de marzo.

Neste informe amósase unha valoración inicial das zonas de maior valor ambiental, é dicir, unha estimación aproximada das áreas con superior interese de conservación que foron afectadas e do seu grao aparente de afección segundo as primeiras observacións realizadas.

O perímetro afectado polo incendio supuxo unha superficie total de 750 ha. Da superficie afectada no interior do parque, 370 ha correspóndense con áreas de maior valor ecolóxico (4% da superficie total do parque natural).

No seguinte plano indícase a delimitación do incendio nas Fragas do Eume:



### Plan de recuperación

O plan de recuperación prevé as seguintes actuacións:

- Revisión da delimitación preliminar das áreas afectadas e cartografado preciso de todas elas, mediante xeorreferenciación e integración nun SIX (acción en execución). Esta acción estase a executar para rematala nos próximos 15 días.
- Valoración obxectiva dos efectos do lume en cada unha das áreas delimitadas, mediante escala de incidencia nos distintos estratos. Na primeira valoración urxente obsérvase que non todos os estratos foron afectados, así hai zonas de arboredo sobre as que o incendio pasou moi rapidamente producindo unha baixa afección. Esta actuación, xa iniciada, rematarase no mes de abril
- Comprobación do estado de conservación das poboacións de especies ameazadas e censo dos eventuais núcleos afectados. Estas accións son executadas por persoal técnico do parque natural.
- Accións contra a erosión. Estase a traballar na identificación e cartografado dos lugares con solos que presentan maior risco de erosión, en función da intensidade do lume e da pendente. Definición de técnicas correctoras a aplicar (de protección do solo con sementeira). Especial atención á defensa das beiras do río Eume, a prol de evitar achegas de cinzas por arrastre pluvial.

- Actuacións de rexeneración e conservación en función dos distintos grados de afección.

### Especies ameazadas

No documento presentado hoxe achégase unha relación de especies de flora vascular e de fauna non artrópoda incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) que, nunha primeira apreciación, semellan susceptibles de teren sido directamente prexudicadas polo paso do lume. Consta a seguinte clasificación:

- **Fentos:** a maior incidencia do lume prevese sobre as poboacións de fentos ameazados asociados a bosques de valgada. Os dous principais núcleos de presenza da especie feito dos cochoeiros non foron afectados polo lume, estando pendente a valoración da situación dos puntos de presenza dispersos pola área queimada.
- **Anfibios:** salmántiga rabilonga, catalogada como vulnerable, e o resto de herpetofauna son os grupos potencialmente máis afectados polo lume, pero nestes momentos aínda se está a realizar a valoración.
- **Moluscos:** caracol *Elona quimperana*, endemismo ibérico catalogado como vulnerable, cuxa afección tamén está sendo valorada na actualidade.

### Fragas do Eume

O parque natural das Fragas do Eume foi declarado mediante Decreto da Xunta de Galicia (Decreto 218/1997, do 30 de xullo, DOG 153, 11/08/1997), motivado por ser "a mellor representación do bosque orixinal que cobre o territorio de Galicia". Este espazo distínguese pola súa naturalidade e biodiversidade, mantendo moitas das características primixenias que xustifican o seu extraordinario valor. Esta importante masa alberga 24 especies arbóreas, 21 especies de fentos, 240 especies de liques e 100 de fungos, así como 126 especies de vertebrados, entre as que hai especies únicas, endemismos, especies ameazadas ou en perigo de extinción, destaca a presenza de especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Amenazadas. Cabe destacar tamén o interese cultural e histórico do seu patrimonio. O espazo pertence ademais a Rede Natura 2000, Rexión Bioxeográfica Atlántica, coa denominación de LIC Fragas do Eume.

O parque abrangue unha superficie de 9.125 ha, repartidas entre os municipios de Cabanas, Pontedeume, A Capela, Monfero e As Pontes, coa seguinte distribución porcentual:

	Concello		Parque Natural	
	Superficie	% no PN	Superficie	% do PN
<b>Cabanas</b>	2.896 ha	23,0%	665 ha	7,3%
<b>Pontedeume</b>	2.878 ha	5,8%	168 ha	1,8%
<b>A Capela</b>	5.706 ha	14,5%	829 ha	9,1%
<b>Monfero</b>	17.237 ha	34,6%	5.970 ha	65,4%
<b>As Pontes</b>	24.970 ha	6,0%	1.494 ha	16,4%
<b>TOTAL</b>			<b>9.125 ha</b>	

As Fragas do Eume constan dunha delimitación de seis zonas, tres de maior nivel de conservación (zona de reserva natural, zona de fragas, zonas de rede fluvial). As outras tres unidades de zonificación corresponden a territorios con menores valores de conservación e que albergan importantes aproveitamentos dos recursos forestais e agrícolas (zona de matogueiras e pasteiros, repoboacións, agropecuaria).

- **Zona de reserva natural (4%):** comprende as áreas de maior valor ecolóxico, que posúen elementos ou valores xeolóxicos, zoolóxicos e botánicos raros, ameazados, singulares ou catalogados que configuran enclaves de alta fragilidade e moi baixa capacidade de admisión de impactos. O seu destino principal é a conservación e restauración dos valores naturais.
- **Zona de fragas (36,2%):** constituída polas superficies ocupadas por bosques seriais antigos. Posúe un alto valor natural, pero as súas características de fragilidade e capacidade de admisión de impactos permiten garantir a persistencia do recurso mediante un o seu aproveitamento ordenado.
- **Zonas de rede fluvial (4,8%):** as masas de auga existentes na superficie de aplicación do plan ocupan un total de 406,14 hectáreas.
- **Zonas de matogueiras e pasteiros (35%):** extensións ocupadas por matogueiras ou pasteiros que representan un estado intermedio da serie de vexetación climática dominante na área fitoxeográfica. Esta zona ten grande valor estratéxico de conservación, xa que, por unha parte, posúe valores ambientais importantes en función da existencia duns recursos naturais singulares e, por outra, contribúe ao sustento dos efectivos gandeiros existentes.
- **Zonas de repoboacións (11%):** inclúe as superficies ocupadas maioritariamente con especies forestais non seriais. Entre as súas utilidades están priorizadas as de índole produtiva, ao estar constituída de modo principal por piñeirais e eucaliptais.
- **Zona agropecuaria (9,1%):** posúe unha única norma zonal de regulación de uso e aproveitamento que establece a orientación xeral dirixida á promoción e desenvolvemento da economía rural e mellora da calidade de vida xeral en concordancia coa conservación da zona.

## **SANIDADE DESENVOLVE UN SISTEMA DE COMUNICACIÓN DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS PARA MELLORAR O COÑECEMENTO SOBRE ELAS E PREVRIR A SÚA APARICIÓN**

A Consellería de Sanidade está a desenvolver un sistema que permita comunicar dende os niveis asistenciais dos traballadores –principalmente desde Atención Primaria e os servizos de prevención de riscos laborais- as posibles sospeitas de enfermidades de orixe laboral. Isto permitirá coñecer estas patoloxías e tamén que o custe da asistencia sanitaria reverta nas entidades que teñan aseguradas as contingencias profesionais das empresas a que pertencen os traballadores; así como achegar beneficios aos traballadores que vexan recoñecidas as súas posibles contingencias profesionais.

Esta iniciativa posibilitará mellorar o coñecemento das patoloxías laborais que afectan a poboación traballadora galega, para así previr na medida do posible a súa aparición; e determinar a causa profesional de enfermidades que causen incapacidade de calquera tipo.

Así, no eido do Servizo Galego de Saúde os facultativos de atención primaria comunicarán as sospeitas de enfermidades profesionais á Inspección Sanitaria, que co apoio do Instituto Galego de Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) estudará a orixe laboral da patoloxía. En caso de confirmación, remitirao ás entidades que teñan cubertas as contingencias profesionais coa empresa do traballador (mutuas ou a propia empresa), co fin de que se fagan cargo da asistencia.

Desde o ámbito de atención especializada, a comunicación farase por cruzamento das bases de datos existentes; e dende o ámbito dos servizos de prevención realizarase a través dunha plataforma en liña para recoller e avaliar estes datos.

A normativa en prevención de riscos laborais –en concreto, o artigo 5 do Real decreto 1299/2006- establece a obriga de comunicación de sospeita de enfermidades profesionais polos niveis asistenciais dos traballadores. A Mesa de Diálogo Social asinou en xullo de 2011 o Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais Galicia 2011-2014, que incluía desenvolver un sistema para esta comunicación entre as súas liñas de actuación.

A Consellería de Sanidade estima que hai arredor de 4.200 enfermidades profesionais non declaradas ao ano, baseándose tanto no documento *Impacto das enfermidades laborais en España* editado polo Instituto Sindical de Trabajo, Ambiente e Saúde (ISTAS) en 2007 como no índice de declaracións de enfermidades profesionais de 2010 do Observatorio das contingencias profesionais da Seguridade Social do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, realizando unha comparativa con Navarra, que é a comunidade autónoma que máis declara por ter un sistema máis avanzado de notificación.



## **A XUNTA CREA UN PROTOCOLO QUE INTEGRA OS DIFERENTES PLANS DE ACTUACIÓN CONTRA A SECA**

- *Habilitaranse medidas específicas para garantir o abastecemento de auga á poboación*
- *Avalíanse as consecuencias sobre a sociedade e os sectores produtivos, centrándose en particular no agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro e acuícola*
- *Faise unha análise pormenorizada da situación actual e das perspectivas de futuro, a partir dos datos meteorolóxicos sobre a evolución da seca*
- *Dáse cobertura ao conxunto das actuacións do Goberno galego e ás relacións de cooperación e coordinación con outras entidades e administracións*
- *O protocolo prevé tanto a xeración de novas medidas como a progresiva definición e posta en marcha doutras derivadas da evolución das circunstancias*

O Consello da Xunta analizou, na súa xuntanza de hoxe, o protocolo que integra os diferentes plans de actuación contra a seca deseñados polo Goberno galego.

A través deste protocolo habilitaranse medidas específicas para garantir o abastecemento de auga á poboación. A situación actual está marcada polo baixo caudal de entrada nos encoros, que pon en risco que se acaden os máximos niveis de ocupación para a tempada do verán, e o baixo caudal dos ríos que actualmente é da orde do 33% do nivel medio nesta época do ano.

Hai que salientar que as chuvias ocasionais de principios do mes de marzo non produciron recuperación dos caudais dos ríos. Foron moi escasas e o terreo leva moitos meses seco polo que absorbe ata a última gota sen deixar discorrer nada por escorrentía subterránea ou superficial.

### **Abastecemento**

A día de hoxe, coa situación hidrolóxica descrita anteriormente, pero considerando que as reservas de abastecemento teñen a garantía suficiente para que non exista un risco inmediato de desabastecemento, cómpre constituír unha Oficina Técnica da seca en Augas de Galicia, para a coordinación da información técnica de seguimento da seca, que emitirá un informe e unha proposta de medidas ao Consello Reitor de Augas de Galicia.

No que atinxe á xestión da auga como recurso fundamental, o protocolo incorpora actuacións como unha campaña de concienciación do uso racional da auga, o seguimento e definición continua de medidas de emerxencia para o abastecemento, a intensificación do programa de control de calidade sanitaria das augas de consumo ou a mellora de xestión da subministración de auga potable desde acuíferos subterráneos, entre outras.

### **Sectores produtivos**

Este protocolo avalía tamén as consecuencias da seca sobre os sectores produtivos, centrándose en particular no agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro e acuícola. Téñense en conta os problemas que padecen as explotacións gandeiras, xa que na actual campaña a produción das praderías e dos pastos viuse diminuída debido tanto á seca como ás fortes xeadas do mes de xaneiro pasado. Constatase o incremento dos custos das forraxes e dos prezos dos insumos, entre eles os pensos.

Canto ao sector vitivinícola, nestas explotacións as plantas aínda están en parada vexetativa, polo que non se manifestan polo de agora problemas importantes, pero se continúa a seca pode haber polo estrés hídrico, que pode comportar unha perda de calidade no viño.

No eido forestal considérase o risco engadido que poden ter as escorrentías, de rexistrárense fortes chuvias tras o prolongado período de seca.

Por último, no sector marítimo-pesqueiro e acuícola é prematuro falar das consecuencias da seca, aínda que é previsible que esta situación meteorolóxica anómala teña consecuencias sobre a bioloxía e o comportamento dalgunhas especies mariñas con interese comercial.

Os plans previstos no eido agrogandeiro e forestal establecen, entre outras medidas, diferentes iniciativas que procuran aliviar a difícil situación económica das explotacións, sobre todo das gandeiras. Neste sentido priorízanse os pagamentos pendentes para o ano 2012 e proponse a redución de módulos do IRPF no sector, así como a desgravación de compras de alimentos concentrados e forraxes, e tamén se incorporan medidas de fomento da contratación de seguros agrarios, axudas priorizadas e un convenio coas entidades financeiras para o adiantamento de pagamentos da Política Agrícola Común (PAC) e o seguimento e coordinación de axudas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

No terreo forestal este protocolo prevé un reforzo progresivo das medidas de prevención de incendios forestais, estando tamén recollidas outras actuacións relacionadas con ámbitos de actividade como o industrial e mesmo un plan de acción específico para a protección de espazos naturais protexidos.

Este protocolo dá cobertura ao conxunto das actuacións do Goberno galego e ás relacións de cooperación e coordinación con outras entidades e administracións, entre elas a Administración xeral do Estado, a Comisión Europea e a Administración Local.

O protocolo prevé tanto a xeración de novas medidas como a progresiva definición e posta en marcha doutras derivadas da evolución das circunstancias.